

O pasado **23 de maio de 2025**, os representantes da Xunta de Persoal Técnico, de Xestión, Administración e Servizos mantivemos unha reunión na que se trataron os seguintes temas de interese xeral que pasamos a resumir:

1.-Informe do presidente

O presidente informou dun escrito, dirixido a xerencia, remitido por unha traballadora da Biblioteca **solicitando o Plus de dispoñibilidade horaria**.

Tamén recibiu dúas peticións de FOL para incluílas na orde do día.

1. Incidencias na xestión de persoal de diversos servizos unidades
2. proposta de creación e nomeamento da figura de portavoz de comunicación

2.- Regulamento de funcionamento interno da Xunta PTXAS

Unha vez que CCOO, FOL e UXT, achegaron as alegacións a o texto do Regulamento presentado por CIG.

A Xunta PTXAS acordou nomear unha comisión dun representante por cada formación sindical para a elaboración do regulamento, o que se aproba por asentimento dos presentes.

3.- Nomeamento do Vicepresidente/a e Vicesecretaria/o

Logo da constitución da Xunta PTXAS o pasado 22 de abril quedaba pendente a elección de Vicepresidente/a e Vicesecretaria/o, de acordo as propostas de regulamento e ante a necesidade de ter unha suplencia. Presentáronse 2 candidaturas, por parte da CIG e FOL, e logo das deliberacións e votacións foron elixidos: José Manuel García Eirín para a vicepresidencia e a María José Santomé Ríos para a vicesecretaria,

4.- Incidencias na xestión de persoal de diversos servizos unidades

O presidente convida a a representante de FOL a expor o punto, no que fai un breve resumo das problemáticas dos diferentes servizos:

- Situación do Servizo de bolsas: eliminación dunha praza creada para asumir novas funcións.
- Situación do SIE: mobilidade obrigatoria dunha traballadora fora das súas funcións
- Situación do Servizo prevención: amortización dun posto de técnico e pretensión de substitución dun técnico por persoal externo
- Situación dos Decanatos de Fac. Comunicación e Dirección e Xestión Pública: comparten secretaría.
- Decanato Facultade Relacións Internacionais Ourense- Sen secretaria. Asume as funcións a area de apoio.

5.- Proposta de creación e nomeamento da figura de portavoz de comunicación da Xunta PTXAS

A representante de FOL manifesta que presentaron esta petición porque consideran que a comunicación non é soamente enviar correos cos documentos a páxina web da Xunta PTXAS, que esta figura poderíase utilizar para facer unha estratexia de comunicación e di que sería importante que o posto fose rotatorio para que participarán todas as formacións.

Logo de varias intervencións O presidente somete a votación as dúas propostas, saíndo elixida a proposta da CIG na que lle corresponde a Portavocía ao Secretario da Xunta PTXAS.

6.- Manual de funcións TEB,s

Na xuntanza coa xerencia, do 9 de maio de 2025, o director da biblioteca presentou un borrador do manual de funcións de TEB's,

Polo que desde a Xunta PTXAS se propuxo a creación dun grupo de traballo incidindo en que non todos o integrantes teñen que ser traballadores da Biblioteca.

7.- Nomeamento dos membros dos tribunais - OEP 2023 2024 - (arquivo OEP 2023 E 2024 anexo)

Estase pendente da execución das ofertas de emprego público de 2023, 2024, así como a cobertura das xefaturas de Servizo ou o posto de Administradora do Campus de Ourense, procesos para os que os sindicatos aportamos membros en cada tribunal.

8.- Rolda de intervencións

FOL preguntoulle ao presidente da Xunta PTXAS, Carlos Mollinedo, como se repartiron os créditos horarios do Servizo de Prevención de Riscos Laborais

O presidente informou ao pleno do xeito de como foron elixidos/as e comprometeuse a enviar un documento do resumo da xuntanza sindicatos coas xerencia e posteriores reunións entre os sindicatos.

Varios membros/as da Xunta PTXAS, solicítanlle ao secretario que lles envíe a documentación de Conciliación, Teletraballo e Carreira Horizontal na anterior reunión con xerencia e se envíen as actas do ano 2024.

O Sindicato CCOO comunicou ao secretario o nomeamento dunha nova delegada sindical: Alejandra Álvarez Silva

Grazas e saúdos

Rodrigo Alverte Pivida

Secretaría da Xunta PTXAS

telf: 647343281 - xuntapas@uvigo.gal

Universidad de Vigo